



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN DIRIXIDA A SOLICITAR A MODIFICACIÓN DA LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción dirixida a solicitar a modificación da Lei de Inclusión social de Galicia.

Exposición de motivos

Máis da cuarta parte da poboación do Concello de Ferrol atopábase en 2019 en risco de pobreza ou exclusión social, é dicir, cun ingresos inferiores ao 60% da mediana, en situación de carencia material severa ou sen ningún tipo de ingresos.

Esta situación, viuse agravada notablemente pola emerxencia sanitaria da pandemia, que está a derivar nunha emerxencia social que empobrecerá drásticamente á nosa poboación, e que precisa dun compromiso firme por parte de todas as administracións públicas.

A Covid 19 trouxo un agravamento notable da situación das persoas máis afectadas e que apenas se tiñan beneficiado da recuperación económica: mulleres, xuventude e crianzas. Mais, especialmente para aquelas con outros factores de exclusión: monoparentalidade, discapacidade, violencia machista, etnia, persoas maiores, migrantes, e en xeral, aquelas que malvivían da economía informal ou a precariedade laboral e que quedaron sen ningún tipo de ingreso económico.

Recoñecer o dereito fundamental das persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social a vivir con dignidade e a desempeñar un papel activo na sociedade é o primeiro dos obxectivos establecidos no 2010 no Ano Europeo da Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social. Neste marco, e dentro do territorio galego, é a Consellería de Política Social quen, a través da Lei 10/2013, de Inclusión Social de Galicia, establece os

dereitos da cidadanía galega neste eido, e os mecanismos da administración para facer cumprir os mesmos. Así, esta norma, no seu artigo 5, establece como principios xerais de aplicación e interpretación, entre outros:

- Integración, coordinación e transversalidade, explicitando no mesmo punto que “...as políticas públicas da Xunta de Galicia en sanidade, educación, vivenda e desenvolvemento rural, entre outras, deseñaranse tendo en conta o seu impacto na inclusión social, a necesaria coordinación e as posibles accións positivas para o logro daquel obxectivo estratéxico”.
- Acción positiva, explicando que todas as actuacións impulsadas a partir da presente norma, na súa aplicación concreta, “procurarán compensar as tendencias e situacións consolidadas de marxinación e de déficit de oportunidades de grupos e colectivos sociais. De maneira especial, ademais, manterase unha actuación positiva a prol da igualdade de xénero”.
- Inclusión activa e solidaria, explicitando no mesmo punto que “os recursos públicos para facer efectivos os dereitos que esta lei regula fan posible unha mellora das oportunidades reais de inclusión social e laboral das persoas que deles se benefician”.

Desta lei depende a aplicación da RISGA (existente den de 1991). Dende 2019, con máis de 5 anos sobre o estipulado na devandita lei, a renda de inclusión está tamén regulada por un decreto de seu. Ambas normas fixan o réxime de incompatibilidades da Risga e considéranas incompatible coas “pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de importe igual ou superior ás ditas pensións”.

Esta incompatibilidade, está a facer que a cidadanía de Galicia, e polo tanto, os preto de 500 beneficiarios de RISGA do noso concello, se vexan nunha situación de desvantaxa con respecto á cidadanía doutras comunidades autónomas que modificaron as súas normativas para poder facelas compatibles co novo dereito subxectivo que fai xa máis dun ano, entrou en vigor e recoñece o Instituto Nacional da Seguridade Social, o Ingreso Mínimo Vital, que na súa normativa, ven concibido como “compatible coas rendas de inclusión ou garantía de ingresos xa existentes nas comunidase autónomas”.

Por este motivo, diversas entidades sociais veñen reclamando dende 2020 á Xunta de Galicia a reforma da Lei de Inclusión Social para facer compatible ambas prestacións,

tanto para encaixar a prestación galega na concepción política da prestación estatal, como para evitar problemas ás persoas sen recursos perceptoras de Risga.

Engádese ademais, a situación de alarma social tras a remisión por parte da Xunta de Galicia de reclamacións de importantes cantidades económicas a persoas perceptoras de Risga que, tendo solicitado o Ingreso Mínimo Vital, recibiron o pagamento de forma retroactiva de varias mensualidades, cargando sobre estas persoas un problema derivado dos problemas de planificación, xestión e coordinación entre administracións, castigando así dobremente á responsabilidade sobre estas persoas.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común someten a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo pleno, na que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a urxente modificación do artigo 6.4 da Lei 10/2013, de Inclusión Social de Galicia e do artigo 16 do DECRETO 14/2019, do 31 de xaneiro, que imposibilita a súa compatibilidade co Ingreso Mínimo Vital.

2. Instar á Xunta de Galicia a que revertan as accións iniciadas de solicitude de devolución da prestación da Risga á poboación especialmente vulnerable por suposto “cobro indebido”, e estableza os mecanismos legais dos que dispón para solucionalo.

Ferrol, 24 de maio de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común